



BOP

LUNS, 23 DE XUÑO DE 2025

N.º 142

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Mediante resolución de Alcaldía do día 19 de xuño de 2025, 2025-0119, aprobáronse as bases específicas que rexerán a bolsa de emprego para cubrir posibles prazas para postos de auxiliar de axuda no fogar.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas **bases específicas** da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do Concello de Baralla e na sede electrónica do Concello <https://baralla.sedelectronica.es>

Este proceso selectivo está **exento de taxas**.

Baralla, 19 de xuño de 2025.- O Alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 1758

LUGO

Anuncio

Exposición ao público

A través do Decreto número 3444/2025 de 7 de abril de 2025, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **MARZO de 2025**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: **dende o día 14 de abril ata o día 14 de maio de 2025** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 8 de abril de 2025.- A Tenenta de Alcade Delegada da Área de Cohesión Social, Olga López Racamonde.

R. 1738

*Anuncio***Exposición ao público**

A través do Decreto número 4433/2025 de 7 de maio de 2025, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **ABRIL de 2025**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: **dende o día 16 de maio ata o día 16 de xuño de 2025** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 7 de maio de 2025.- A Tenenta de Alcade Delegada da Área de Cohesión Social, Olga López Racamonde.

R. 1739

*Anuncio***Exposición ao público**

A través do Decreto número 4533/2025 aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondientes ao **primeiro trimestre de 2025**, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: dende o día **13 de maio ata o día 13 de xuño de 2025** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 12 de maio de 2025.- A Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social, Olga López Racamonde.

R. 1740

MEIRA*Anuncio***CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Meira na sesión ordinaria do día 16 de xuño de 2025 aprobou as bases do proceso selectivo para a contratación de tres (3) condutores do vehículo motobomba para a prevención e defensa dos incendios forestais do Concello de Meira, ano 2025.

De acordo coa Base 6ª faise público dito proceso selectivo mediante anuncio no BOP de Lugo e á publicación íntegra das bases no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Meira.

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso, disporán dun prazo de cinco (5) días naturais para a presentación das instancias.

Meira, 17 de xuño de 2025.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1741

MONDOÑEDO*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO E RECADACIÓN DE IMPOSTOS**

En Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2025 aprobouse o Padrón **da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 3º BIMESTRE E DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS DO 2025.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PÚBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de xullo ó 31 de agosto, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servizos de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos xuros e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 17 de xuño de 2025.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1742

*Anuncio***APROBACION INICIAL**

En sesión ordinaria celebrada o día 29 de maio do 2025, o Pleno da Corporación Municipal de Mondoñedo aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 41 REGULADORA DO MERCADO MEDIEVAL. De conformidade co disposto no artigo 70.2 dade Bases de Réxime Local 7/1985, de 2 de abril, e consonte co disposto no artigo 17 do TRLHL, iniciase un prazo de información pública de trinta días, desde o seguinte á publicación deste anuncio no BOP durante o cal os interesados poderán presentar cantas alegacións e reclamacións estimen oportunas.

Transcorrido dito prazo sen que se presentara alegación algunha, o acordo provisional entenderase elevado a definitivo sen necesidade de segundo acordo expreso, publicándose en todo caso o texto íntegro da Ordenanza.

Mondoñedo, 18 de xuño de 2025.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1753

Anuncio

O 19 de xuño de 2025, ditouse Resolución de Alcaldía núm. 2025-0184, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA UNHA BRIGADA DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO

Vista a publicación no Diario Oficial de Galicia da Orde do 23 de xaneiro de 2025, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrència non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025 (DOG núm. 25, do 6 de febreiro de 2025).

Logo de ver a solicitude dunha subvención realizada por este Concello, en data 5 de marzo de 2025, ao abeiro da Orde do 23 de xaneiro de 2025, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrència non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025.

Vista a notificación da Resolución de Concesión de Subvención, da Directora Xeral de Administración Local, do 13 de maio de 2025, na que se contempla, con base na memoria de solicitude de subvención, unha Brigada de Protección e Mantemento de Espazos Naturais na que se pretende a contratación de 5 peóns forestais, a tempo completo, durante un máximo de 3 meses, e un condutor de tractor por período máximo de 3 meses.

Visto que según as bases de convocatoria da subvención ao abeiro da que se realizan estas contratacións, debe estar xustificada o 31 de outubro de 2025, aclárase, que de non poderse cumprir o prazo máximo de 3 meses de contrato e independentemente de que se prorrogue, ou non, o prazo de xustificación inicial da subvención que ampara estas contratacións, os contratos finalizarán 10 días naturais antes de que remate o prazo xustificativo da citada subvención.

Vista a urxente necesidade de realizar estas contratacións con fin de por en marcha, a devandita brigada, de modo e maneira que se permita a posibilidade de levar a cabo por parte dos peóns forestais, labores de roza, mantemento e limpeza de paseos, áreas recreativas, rutas de sendeirismo e recuperación de zonas degradadas, incluíndo limpeza de canles de ríos, ao longo das 14 parroquias coas que conta o Concello, ao tempo que se realiza unha labor especial de conservación e posta en valor de parte dos terreos municipais incluídos no LIC Serra do Xistral (Rede Natura 2000), así como realizar labores de prevención de incendios, protección e mantemento de espazos naturais, por parte do condutor do tractor ao que se lle acoplará unha rozadora.

Vista a memoria do Alcalde que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, necesidade e prioridade de realizar un proceso selectivo, por concurso-oposición, de persoal laboral temporal para a contratación de 5 empregos a tempo completo de peón forestal, e 1 condutor de tractor, para unha Brigada de Protección e Mantemento de Espazos Naturais.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016, e debido a motivos de interese público e a que o inicio deste programa debe ser inminente, ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, o Alcalde en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Avogar a competencia precisa de forma puntual para prestar aprobación para a realización dunha convocatoria para selección e posterior contratación de 5 peóns forestais a xornada completa e 1 condutor de tractor a xornada completa, para a Brigada de Protección e Mantemento de Espazos Naturais, mediante unha contratación de carácter laboral temporal a tempo completo, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, por un período máximo de tres meses, no caso dos peóns e tamén no caso do condutor. ***Visto que según a orde de convocatoria desta subvención ao abeiro da que se realizan estas contratacións, debe estar xustificada na data límite do 31 de outubro de 2025, aclárase, que de non poderse cumprir o prazo máximo de 3 meses de contrato e independentemente de que se prorrogue, ou non, o prazo de xustificación inicial do convenio que ampara estas contratacións, os contratos finalizarán 10 días naturais antes de que remate o prazo xustificativo do citado convenio.***

SEGUNDO.- Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

TERCEIRO.- Realizar a convocatoria mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

CUARTO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local e ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Mondoñedo, na data de sinatura

O Alcalde-Presidente, Ante min,

A Secretaria-Interventora

Manuel Ángel Otero Legide Ruth López-Mosquera García

(documento asinado dixitalmente a marxe)

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA UNHA BRIGADA DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO AO ABEIRO DA ORDE DO 23 DE XANEIRO DE 2025 POLA QUE SE REGULAN OS CRITERIOS DE REPARTICIÓN E SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DA LIÑA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2025

PRIMEIRA.— OBXECTO

Esta convocatoria e bases reguladoras, teñen por obxecto a selección e posterior contratación de carácter laboral temporal a tempo completo ao abeiro da notificación da Resolución de Concesión dunha Subvención, da Directora Xeral de Administración Local da *Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do 13 de maio de 2025*, en réxime de concorrncia non competitiva a concellos, do Fondo de Compensación Ambiental, rexistro de entrada no concello o 13 de maio de 2025, núm. 2025-E-RC-1443, de unha brigada de protección e mantemento de espazos naturais, *mediante un contrato temporal por circunstancias da produción*, ao abeiro da *Orde do 23 de xaneiro de 2025, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrncia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025 (DOG núm. 25, do 6 de febreiro de 2025)*, composta por:

- CINCO PEÓNS FORESTAIS a xornada completa, por un período máximo de 3 meses
- UN CONDUTOR DE TRACTOR, por un período máximo de 3 meses

do Concello de Mondoñedo mediante o sistema de CONCURSO – OPOSICIÓN.

Visto que según o convenio ao abeiro da que se realizan estas contratacións, debe estar xustificado na data límite do 31 de outubro de 2025, aclárase, que de non poderse cumprir o prazo máximo de 3 meses de contrato e independentemente de que se prorrogue, ou non, o prazo de xustificación inicial do convenio que ampara estas contratacións, os contratos finalizarán 10 días naturais antes de que remate o prazo xustificativo do citado convenio.

O ámbito de actuación da brigada de protección e mantemento de espazos naturais será o municipal, realizando tarefas de desbroce, mantemento, limpeza e prevención naqueles sendeiros, pistas de terra, áreas recreativas e rutas de sendeirismo que se localicen ou transcorran por zonas con valores ambientais para a súa utilización recreativa ou didáctica así como a protección e mantemento de espazos naturais, priorizando as rutas de sendeirismo que discorren por zonas con valores ambientais notables.

Salario bruto mensual que inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria:

5 peóns a xornada completa	1.428,96 €/mes/peón
1 condutor de tractor a xornada completa	1.428,96 €/mes

Polo tanto, no parágrafo anterior reflíctese a retribución bruta mensual, incluída a Parte Proporcional da Paga Extraordinaria, aínda que o soldo aboarase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño e/ou á finalización do contrato.

SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE

A este proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, seralle de aplicación o disposto no Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP), aprobado polo Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do EBEP.

Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Orde do 23 de xaneiro de 2025, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025.
- Demais disposicións aplicables.

TERCEIRA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.- Con carácter xeral, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ser español ou nacional doutros estados nos termos do artigo 57 da Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos.

d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión das seguintes titulacións , ou en disposición de obtelas, na data en que remate o prazo de presentación de instancias:

- **PEÓN FORESTAL: Certificado de Escolaridade ou equivalente homologado e Celga 2 ou equivalente homologado.**

- **CONDUTOR DE TRACTOR: Certificado de Escolaridade ou equivalente homologado, así como permiso de condución B e Celga 2 ou equivalente homologado.**

f) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.

g) Os aspirantes que padezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.

CUARTA.—SOLICITUDES

1.— As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego convocado ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.— O prazo de presentación de instancias será de **cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día de prazo sexa inhábil, este finalizará o vindeiro día hábil seguinte.

3.— As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo ou mediante algunha das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Cómpre que o concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.
- Fotocopia compulsada da titulación académica esixida.
- Fotocopia compulsada do permiso de condución B, no caso do condutor de tractor.
- Fotocopia compulsada do CELGA 2.

- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse.

QUINTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterá:

- A lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación, de ser o caso, do motivo de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar en que se realizarán as probas da fase de oposición e a valoración de méritos.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro da sede electrónica municipal (<https://mondonado.sedelectronica.gal>).

2.- Durante os dous (2) días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- As reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Un empregado público, con voz e voto.
- Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e sen voto.
- Vogais: tres empregados públicos, con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre coa presenza do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar ós membros do tribunal cando, ó seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION

O sistema de selección será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN**. A puntuación máxima para o concurso-oposición será de 20 puntos.

En ambos procesos, primeiro realizarase a fase de oposición e posteriormente a fase de concurso.

1.- PEÓN FORESTAL

A) **FASE DE CONCURSO:** que consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo (a puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos):

1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta:

a) Na Administración Pública: 0,06 puntos/mes.

b) Na empresa privada: 0,03 puntos/mes.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:

a) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

b) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de estar de alta no dito imposto. Contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima para o apartado de **experiencia profesional** é **3,50 puntos**.

2.- FORMACIÓN:

Cursos ou outra formación.- Por cada curso, xornada, seminario, etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública:

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

No apartado de formación presentárase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego ao que se opta, non serán puntuados.

A **puntuación máxima** para o apartado de **formación** é de **3,50 puntos**.

3.- POR DISPOR DO PERMISO DE CONDUCIR B:

1 punto por o feito de posuír o permiso de condución B.

A **puntuación máxima** para o apartado de **dispor do permiso de condución B** é de **1,00 punto**.

De non presentarse a documentación acreditativa destes méritos ou se presentase outra diferente á aquí referida, a puntuación nestes apartados será cualificada como de 0 puntos.

Ningún mérito poderá puntuar en máis de un apartado.

A) **FASE DE OPOSICIÓN:** Consistirá na realización das seguintes probas: A Fase de Oposición consistirá na realización dunha ou máis probas prácticas. Ten carácter obrigatoria e eliminatoria para as/os aspirantes. Nela analizarase a capacidade funcional das/dos aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto de peón forestal do Concello de Mondoñedo. Nesta proba práctica poderanse incluír preguntas teórico-prácticas, relacionadas co posto de traballo.

Cualificarase cunha puntuación de 0 a 12 puntos sendo necesario obter un mínimo de 6,00 puntos para poder superala proba.

Correspóndelle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba ou probas a realizarse.

O/a candidato/a acudirá a proba provisto de DNI ou documento equivalente, e roupa de traballo.

2.- CONDUCTOR DE TRACTOR

A) **FASE DE CONCURSO:** que consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo (a puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos):

1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta:

a) Na Administración Pública: 0,06 puntos/mes.

b) Na empresa privada: 0,03 puntos/mes.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:

c) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

d) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de estar de alta no dito imposto. Contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima para o apartado de **experiencia profesional** é **4,0 puntos**.

2.- FORMACIÓN:

Cursos ou outra formación.- Por cada curso, xornada, seminario, etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública:

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

No apartado de formación presentarse o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego ao que se opta, non serán puntuados.

A puntuación máxima para o apartado de formación é de 4,0 puntos.

De non presentarse a documentación acreditativa destes méritos ou se presentase outra diferente á aquí referida, a puntuación nestes apartados será cualificada como de 0 puntos.

Ningún mérito poderá puntuar en máis de un apartado.

B) **FASE DE OPOSICIÓN:** Consistirá na realización das seguintes probas: A Fase de Oposición consistirá na realización dunha ou máis probas prácticas. Ten carácter obrigatoria e eliminatoria para as/os aspirantes. Nela analizarase a capacidade funcional das/dos aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto de condutor de tractor do Concello de Mondoñedo. Nesta proba práctica poderanse incluír preguntas teórico-prácticas, relacionadas co posto de traballo.

Cualificarase cunha puntuación de 0 a 12 puntos sendo necesario obter un mínimo de 6,00 puntos para poder superala proba.

Correspóndelle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba ou probas a realizarse.

O/a candidato/a acudirá á proba provisto de DNI ou documento equivalente, e roupa de traballo.

PROBA DE GALEGO:

Será obrigatorio, para ambos postos, a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 2, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

OITAVA.— PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios a dita puntuación do proceso selectivo.

En caso de empate, para o posto de peón forestal, o desempate realizarase en base á maior puntuación obtida no exercicio de oposición. De persistir o empate, este dirimirase tendo en conta o seguinte: con base na maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, en primeiro lugar, na administración pública, e en segundo lugar, na empresa privada. De persistir o empate, este dirimirase en base á maior puntuación no apartado de formación. Se aínda así, persiste o empate, este dirimirase a favor do candidato que teña permiso de conducir B. De ser o caso, que continúe a persistencia do empate, este resolverase se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

En caso de empate, para o posto de condutor de tractor, o desempate realizarase en base á maior puntuación obtida no exercicio de oposición. De persistir o empate, este dirimirase tendo en conta o seguinte: con base na maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, en primeiro lugar, na administración pública, e en segundo lugar, na empresa privada. De persistir o empate, este dirimirase en base á maior puntuación no apartado de formación. De ser o caso, que continúe a persistencia do empate, este resolverase se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal aprobará e propondrá para a contratación aos candidatos que máis puntuación obtivesen do máximo posible, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que os/as seleccionados/as non asinen o contrato no prazo que se lle sinala ou renuncien ao emprego.

Confeccionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

NOVENA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS

O/A aspirante proposto/-a presentará na Secretaría do Concello, nos tres (3) días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

a) Copia autenticada do DNI.

b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditaráase mediante certificado correspondente, que reúna as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

c) Fotocopia compulsada da titulación académica esixida.

d) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f) Copia da tarxeta sanitaria da Seguridade Social.

g) Acreditación da conta bancaria titularidade do candidato/a.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da lista.

DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas con maior puntuación, propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

DÉCIMO PRIMEIRA.— RECURSOS

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS (2) MESES contados dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto ou acordo, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

DÉCIMO SEGUNDA.—NORMA FINAL

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a, con DNI,
nado/-a (data nacemento), veciño/-a de,
con enderezo en
C.P. Concello, teléfono
e dirección de correo electrónico

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura do emprego de da Brigada de Protección e Mantemento de Espazos Naturais, de conformidade coa convocatoria aprobada pola Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2025.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:(relación de documentación esixida e de méritos alegados):

Orde de preferencia no caso de ser seleccionado/a para varios empregos:

1º.-

2º.-

Por tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo, de de 2025

(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)“

Mondoñedo, 19 de xuño de 2025.- O Alcalde-Presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1759

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía, núm. 2025/0160, de data 19 de xuño de 2025 aprobouse a convocatoria para a selección dun/dunha xefe/a de brigada para formar a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para o ano 2025 do Concello de Ribeira de Piquín, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de tres (3) meses.

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o **prazo de cinco (5) días hábiles**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 19 de xuño de 2025.- O Alcalde-Presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 1760

TRABADA

Anuncio

Pola Alcaldía do Concello de Trabada en data 13 de Xuño de 2025 ten prestado aprobación ás bases reguladoras da selección de arrendatario e réxime de aluguer social da antiga vivenda de mestre sita na parroquia de Vilapercide, que poden ser consultadas na sede electrónica do Concello de Trabada (<https://trabada.sedelectronica.gal>).

Lugar e prazo de presentación de instancias: No Rexistro Xeral do Concello de Trabada, no prazo de UN MES, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

Requisitos: Os establecidos nas bases reguladoras, publicados no Taboeiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Trabada (<https://trabada.sedelectronica.gal>). As persoas interesadas presentarán a súa solicitude en impreso normalizado ante o Concello de Trabada (Anexo I) xunto coa documentación referida nas citadas bases.

Trabada, 17 de xuño de 2025.- O Sr. Alcalde, don Rubén García Freije.

R. 1743

O VICEDO

Anuncio

Por resolución de la Alcaldía de 18 de xuño de 2025 aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal, mediante concurso – oposición, **dun/dunha AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO**, a xornada parcial (85,33%), con adscrición ao servizo municipal de axuda ó fogar do Concello do Vicedo.

As bases son as que se transcriben a continuación:

“BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO - OPOSICIÓN, DUN/DUNHA AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO, A XORNADA PARCIAL (85,33%), CON ADSCRICIÓN AO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA Ó FOGAR DO CONCELLO DO VICEDO

1º.- NORMAS XERAIS.-

A selección rexeráse polo previsto nestas bases, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Texto refundido da lei do Estatuto básico do emprego público, Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración Local de Galicia, Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas urxentes para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/88, do 28 de xullo, Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, Real Decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais

vixentes en materia de réxime local, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, Real Decreto 364/95, Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, modificado polo Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e o Convenio colectivo vixente para persoal laboral do Concello do Vicedo sobre condicións laborais e económicas, aprobado polo Pleno do concello o día 10 de xuño de 2009.

2º.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO.-

O cometido funcional deste posto de traballo consistirá na realización das tarefas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello do Vicedo, de acordo coas instrucións recibidas ao efecto.

3º.- DURACIÓN DO CONTRATO.-

O contrato asinarase baixo a modalidade de contrato de traballo temporal de substitución para cubrir temporalmente este posto de traballo e ata a cobertura definitiva da praza con persoal laboral fixo, sendo a data de inicio o antes posible unha vez finalizados todos os trámites necesarios para a contratación, e no horario que demande o servizo.

Establécese un período de proba dun mes.

4º.- RETRIBUCIÓN.-

Serán as establecidas no presuposto municipal do Concello do Vicedo aprobado para o ano 2025.

5º.- REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS.-

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e do disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Dispor de vehículo que facilite o traslado polo termo municipal (motocicleta, coche, etc.) co seu correspondente permiso.

d) Posuír ou estar en condicións de obter o título académico esixido: certificado de estudos primarios ou certificado de escolaridade. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite a súa homologación. Ademais deberá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- O título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermaría establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermaría que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- O título de técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- O título de técnico/a superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico/a superior en Integración Social establecido no Real decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que á data de publicación do dito Acordo do 19 de outubro de 2017, se atopen traballando na categoría profesional de asistente/a persoal ou auxiliar de axuda no fogar.

- O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda no fogar, regulado no Real decreto 331/1997, do 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

d) Estar en posesión do Certificado de Lingua Galega CELGA 1, superior ou equivalente, de conformidade coa Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). No caso de non poder acreditar mediante certificación ou validación o coñecemento da lingua galega será necesario superar a proba establecida no punto 10º.-Sistema de selección.-

e) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.

f) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en

inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

g) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

Estes requisitos deberán acreditarse antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Toda a documentación debe presentarse en orixinal ou copia auténtica.

A persoa seleccionada tamén deberá acreditar, antes da dación de alta na seguridade social:

- Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo convocado (aportar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada).

6º.- SOLICITUDES.-

Quen desexe participar no concurso-oposición deberá presentar os anexos II e III destas bases, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e méritos da base quinta e décima, no rexistro xeral do Concello do Vicedo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste último caso, deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por fax ao número 982590001.

7º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

O prazo de presentación de solicitudes queda aberto dende o día seguinte o da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e por un período de oito días naturais.

8º.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

No rexistro xeral do Concello do Vicedo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do Concello do Vicedo, ademais deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por fax ao número 982590001.

Por resolución da Alcaldía acordarase a admisión e exclusión das persoas candidatas e publicarase a lista provisional no taboleiro de edictos deste Concello, na sede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>, sinalándose un prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación, para subsanar erros.

Na lista provisional farase indicación do día e da hora na que terá lugar a proba de selección e a valoración da fase de concurso; tamén se designará a composición do órgano de selección. De non existir persoas aspirantes excluídas, elevarase a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

A lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional no prazo máximo de dous días hábiles contados dende o remate do prazo de alegacións.

9º.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN.-

O Tribunal de valoración designarase e farase público xunto coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Poderá dispor a incorporación de persoas asesoras especialistas se así o estiman necesario ou axeitado, que actuarán con voz pero sen voto.

O dito tribunal estará facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e problemas que poidan xurdir.

10º.- SISTEMA DE SELECCIÓN.-

O sistema de selección é o de concurso-oposición, e consistirá na realización das seguintes probas:

a. Proba de galego: esta proba é obrigatoria e eliminatoria. Para dar cumprimento ao artigo 51.2 da LEPG, realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido na base quinta.

A proba consistirá na tradución de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que sen acreditar o nivel de galego esixido na base quinta, non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

b. Fase de oposición: consistirá nun exercicio práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa (anexo I Temario), nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas da praza que se convoca.

O tempo para realizalo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo dunha (1) hora.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: o Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización da mesma. A puntuación máxima son 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 para superar a proba.

c. Fase de concurso: rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso ós aspirantes que superen a fase de oposición.

Puntuación de méritos:

– Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na administración pública, ata 1 punto; outorgarase a puntuación de 0,10 puntos por mes traballado e acreditado con contratos de traballo e vida laboral.

– Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na empresa privada, ata 0,50 puntos; outorgarase a puntuación de 0,05 puntos por mes traballado e acreditado con contratos de traballo e vida laboral.

Os méritos deberán acreditarse xunto coa solicitude, a falla de acreditación dos méritos alegados, determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal de Valoración, nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias, xa que non poderán subsanarse. Tampouco se requirirá ós interesados para que o acrediten.

11º.- RESOLUCIÓN.-

A resolución do concurso - oposición farase polo Presidente da Corporación Municipal, a proposta do Tribunal cualificador. No caso de empate na puntuación final, acudirase para dirimila á outorgada na fase de oposición. De persistir o empate, o Tribunal reiterará a proba de coñecementos entre as persoas aspirantes con igual puntuación ata seleccionar a unha delas. En ningún caso a proposta, que terá carácter vinculante, poderá exceder do número de postos convocados (1), quedando o resto en lista de espera, ós efectos de renuncia, baixas ou calquera outra continxencia, sendo requirida a persoa traballadora que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

12.- NORMA FINAL.-

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I: TEMARIO

PROGRAMA:

Tema 1.- Ordenanza Municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello do Vicedo.

Tema 2.- Intervencións de atención domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades sanitarias: hixiene e atención sanitaria domiciliaria; administración de alimentos e tratamentos; mellora das capacidades físicas.

Tema 3.- Actividades relacionadas coa xestión e funcionamento da unidade convivencial e o fogar: apoio domiciliario e alimentación; xestión, aprovisionamento e cociña na unidade familiar.

Tema 4.- Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes.

Tema 5.- A mobilización dos enfermos: Pautas xerais. Movementos a realizar.

ANEXO II

Don/dona, con DNI,
con domicilio,
e teléfono de contacto:

DECLARA:

1º.- Que coñece as bases publicadas o día 18/06/2025, para a contratación laboral temporal por parte do Concello do Vicedo, e mediante concurso-oposición, dun/dunha auxiliar axuda a domicilio, a xornada parcial (85,33%), con adscrición ao servizo municipal de axuda ó fogar do Concello do Vicedo.

2º.- Que cumpre os requisitos mínimos establecidos para os candidatos na base 5, e que aporta documentación que o xustifica.

3º.- Que aporta documentación xustificativa dos seguintes méritos alegados:

-
-
-

E por todo o exposto anteriormente,

SOLICITA:

Ó Sr. Alcalde-Presidente, que se teña en consideración a súa candidatura os efectos da participación no antedito proceso de selección.

AUTORIZA expresamente ao Concello de O Vicedo que inclúa os meus datos nun ficheiro automático para fin exclusivo do proceso selectivo no que solicito participar.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	CONCELLO DE O VICEDO
Finalidade do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude de participación nun proceso selectivo, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd).
Comunicación de datos	Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas, así como a cualificación final dos aspirantes e a relación de aprobados por orde de puntuación, serán publicados no Taboleiro de edictos deste Concello e na dede electrónica do concello https://concellodovicedo.sedelectronica.es
Exercicio de dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle corresponda dirixindo a súa solicitude a concello@concellodovicedo.org ou a través da sede electrónica do Concello de Vicedo.
Información adicional	Pode consultar máis información en https://concellodovicedo.sedelectronica.es/privacy.1

O Vicedo, a de do 2025

Fdo.:

Ó SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO

ANEXO III

Don/dona, con DNI,
e domicilio en

Segundo o establecido nas bases de data 18/06/2025 para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dun/dunha auxiliar axuda a domicilio, a xornada parcial (85,33%), baixo a modalidade de contrato de traballo de substitución para cubrir temporalmente este posto de traballo ata a cobertura definitiva da praza, como persoal laboral fixo, e no horario que demande o servizo.

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

a) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.

b) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

c) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

O Vicedo, a de do 2025

Asdo.:”

O Vicedo, 19 de xuño de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1761

VIVEIRO

Anuncio

DECRETO DA ALCALDÍA, SOBRE A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL, CON CARÁCTER TEMPORAL, PARA A CONTRATACIÓN DE CINCO SOCORRISTAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NOS ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS E INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS, NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS AO AMPARO DA ORDE DO 27 DE XANEIRO DE 2025 E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2025 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO PR460D).

Vistas as Bases Xerais, específicas e anexo para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro, polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, de cinco socorristas para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de subvencións a Concellos de Galicia para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, ao amparo da ORDE do 27 de xaneiro de 2025.

Son obxecto da presente convocatoria a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral é carácter temporal coas cláusulas específicas de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco de programas de activación para o emprego previstos no Texto Refundido a Lei de Emprego, contrato para a mellora da ocupabilidade, a xornada completa cunha duración de dous meses, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais e específicas polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante a contratación temporal ao amparo da Orde do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concurrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, para a contratación de CINCO traballadores non incluídos no cadro de persoal do Concello para o ano 2025.

Visto o art. 11 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) polo que se establece que *“Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.”*

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que *“Todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico.”*

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que *“Las Administraciones Públicas, entidades y organismos a que se refiere el artículo 2 del presente Estatuto seleccionarán a su personal funcionario y laboral mediante procedimientos en los que se garanticen los principios constitucionales antes expresados, así como los establecidos a continuación:*

- a) Publicidad de las convocatorias y de sus bases.*
- b) Transparencia.*
- c) Imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección.*
- d) Independencia y discrecionalidad técnica en la actuación de los órganos de selección.*
- e) Adecuación entre el contenido de los procesos selectivos y las funciones o tareas a desarrollar.*
- f) Agilidad, sin perjuicio de la objetividad, en los procesos de selección.”*

Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que *“Los procesos selectivos tendrán carácter abierto y garantizarán la libre concurrencia, sin perjuicio de lo establecido para la promoción interna y de las medidas de discriminación positiva previstas en este Estatuto.”*

Visto o artigo 57 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, referentes aos sistemas aplicables á selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo.

Visto o artigo 35.1 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, establece que *“[...] podrán proceder a la contratación de personal laboral no permanente para la realización de trabajos que no puedan ser atendidos por personal laboral fijo , [...]”*.

Dichos contratos se celebrarán conforme a los principios de mérito y capacidad, y ajustándose a las normas de general aplicación en la contratación de este tipo de personal laboral y de acuerdo con los criterios de selección que se determinen [...]”.

Tendo en conta que consta informe de Intervención sobre a existencia de consignación orzamentaria, así como informe de fiscalización.

Tendo en conta que a contratación de persoal en base a Resolución referida se realiza para cubrir servizos prioritarios do Concello co obxectivo de acadar un funcionamento eficaz dos servizos prioritarios en cuestión, e con fundamento en criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade urxente e inaprazable de convocar os postos que a continuación se relacionan, para cubrir mediante a modalidade de contrato temporal de duración determinada por circunstancias da produción, os seguintes postos:

Nº EMPREGOS	DENOMINACIÓN	XORNADA	RELACIÓN LAB.
5	SOCORRISTAS	100%	Contrato temporal (modalidade contrato temporal de CONTRATO PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE).

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso de méritos, de carácter aberto.

SEGUNDO.- Aprobar as bases xerais, específicas e o seu anexo, que rexerán os procesos selectivos para o ingreso, con carácter temporal, nos postos de traballo laborais do Concello de Viveiro, para prestar servizos mediante a modalidade de contrato temporal de mellora da ocupabilidade.

TERCEIRO.- Aprobar as bases específicas que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos para o ingreso, con carácter temporal, dos postos de traballo denominados: 5 SOCORRISTAS (réxime xurídico: laboral, mediante a modalidade de contrato temporal de para a mellora da ocupabilidade).

CUARTO.- Ordenar a publicación da presente convocatoria, bases e anexo no BOP de Lugo, na páxina web do Concello (www.viveiro.es) e no taboleiro de anuncios dixital.

QUINTA.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 18 de xuño de 2025.- A Alcaldesa, D^a. María Carmen Gueimunde González. Ante min, a Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D^a. María Luz Balsa Rábade.

R. 1762

Anuncio

BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE CINCO EMPREGOS DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE SOCORRISTAS PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VIVEIRO.

PRIMEIRA. OXECTO DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto a realización do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal, a xornada completa, de CINCO (5) SOCORRISTAS polo período estival comprendido entre o 1 de xullo e o 31 de AGOSTO de 2025, ambos inclusive (dous meses), mediante o sistema de CONCURSO, con destino ao desenvolvemento das funcións e tarefas específicas de socorrismo e salvamento acuático nas praias municipais.

SEGUNDA. DURACIÓN, XORNADA E FUNCIÓNS

A contratación realizarase en réxime de dereito laboral tramitándose mediante procedemento de urxencia atendendo cos prazos necesarios segundo a á ORDE do 27 de xaneiro de 2025; para a contratación. vinculada a programas de activación para el empleo (Disposición adicional novena do RD 20/2021) que permite que as administracións públicas e, no seu caso, as entidades sen ánimo de lucro poidan realizar contratos para a mellora da empregabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos neste texto refundido da Lei de Emprego.

Para estes efectos:

A contratación de duración determinada vinculada aos programas de activación para o emprego poderase realizar no marco dun contrato de causa específica, diferente das reguladas no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

A xornada de traballo será de 35 horas semanais, de luns a domingo, a xornada completa (100 %).

Salario bruto mensual, que inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria: as establecidas na RPT do concello de Viveiro

As funcións a desenvolver serán as inherentes ao posto de socorrista, determinadas polo Concello en cada momento, baixo a coordinación da Alcaldesa-Presidenta ou Concelleiro en quen delegue. As persoas seleccionadas desempeñarán, entre outras, as seguintes funcións: vixianza, control, primeiros auxilios, salvamento, socorrismo e atención aos usuarios/as, así como aquelas outras funcións que lle encomende a Alcaldesa-Presidenta ou o Concelleiro delegado da área.

TERCEIRA. NORMATIVA APLICABLE

A este proceso selectivo seralle de aplicación o establecido nas presentes Bases e, no non previsto nelas, resultaranlle de aplicación as seguintes disposicións normativas:

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, TREBEP.

-Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, TRET.

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

- Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Homes e Mulleres

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.ç

-Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- ORDE do 27 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a Concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR460D).

- Demais disposicións que resulten de aplicación.

CUARTA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. REQUISITOS XERAIS: Os/as aspirantes deberán reunir, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos para ser admitidos no proceso de selección:

a) Nacionalidade:

a1) Ser español/a ou nacional dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos dos artigos 56 e 57 do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

a2) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas, isto é, non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das tarefas do emprego a que se aspira.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) GALEGO: Acreditación do coñecemento da lingua galega: **CELGA 3.**

Será requisito necesario contar coa acreditación de poseer o nivel do coñecemento da lingua galega según as bases específicas da praza/emprego que se convoca ou acreditación equivalente. Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente.

No suposto de non contar coa mesma, os aspirantes deberán superar un examen de galego. Esta proba é obrigatoria para estes aspirantes. A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para galego ou en galego para o castelán. Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e calificarase con apto ou non apto.

f) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delincuentes sexuais: Estar en posesión do Certificado que acredite NON CONSTAR na Base de Datos do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais do Ministerio de Xustiza. Este documento pode ser obtido polo solicitante mediante a utilización do certificado electrónico ou DNI e na seguinte dirección:

<https://sede.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Sede/es/tramites/certificado-registro-central>

2. REQUISITOS ESPECÍFICOS: Por tratarse de contratos subvencionados pola Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes, ao abeiro da ORDE do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PR460D), os traballadores deben cumprir os seguintes requisitos específicos:

1.- Deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo .

2.- As persoas destinadas á prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento deberán estar inscritas na sección correspondente do Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo, Información e Primeiros Auxilios de Galicia.

Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

QUINTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.—As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, isto é, deberán presentar unha instancia, modelo Anexo I, dirixida a Sra Alcaldesa, na que constarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego convocado ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

Os aspirantes que padezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.

2.— O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días hábiles contados desde o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria e bases no BOP. Se o último día de prazo fose inhábil, rematará o día hábil inmediato seguinte.

3.—As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou mediante algunha das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada.
- b) Acreditación de estar inscritos/as no Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo, Información e Primeiros Auxilios de Galicia.
- c) Acreditación de estar desempregados/as inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- d) Declaración responsable de non estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, e de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realizar as funcións inherentes ao posto de traballo, segundo modelo Anexo II ás presentes bases.
- e) Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración.

- f) Acreditación da experiencia profesional: Certificación da Administración ou empresa onde se tivera prestado servizo, especificando a categoría laboral e duración do contrato ou copia do contrato de traballo. En ámbolos dous casos, acompañarase informe de la vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, non valorándose de non presentarse os ditos documentos antes de que finalice o prazo de presentación de instancias.
- g) Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación de poseer o nivel de galego esixido (**CELGA 3**) nas bases específicas de cada unha das prazas/empregos que se convoquen ou acreditación equivalente. Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente.

Non se computará ningún mérito alegado que non esté convenientemente acreditado documentalmente. A presentación da instancia conleva a aceptación incondicional das presentes bases.

SEXTA. ADMISIÓN DE SOLICITUDES.

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias, a Alcaldesa ditará resolución comprensiva que conterà:

- A lista provisional de admitidos/as e excluídos/as coa especificación do motivo de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.

Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

2.- Concederase un prazo de cinco días hábiles, seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, para subsanación de defectos formales e/ou presentación de documentación, si procedese. Transcorrido o dito prazo sin que se efectuase a subsanación polos aspirantes afectados, entenderase decaído o dereito a participar no proceso selectivo, sendo excluídos definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- As reclamación formuladas en prazo serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Se, en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, ésta considerárase defecto insubsanable e a Alcaldía resolverá a dita exclusión.

SÉTIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sra. Alcaldesa mediante resolución.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre a do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar ós membros do tribunal cando, ó seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA. PROBA DO COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Con anterioridade á realización da fase de concurso procederáse ao desenvolvemento das probas de coñecemento de lingua galega aos aspirantes que deban realizala segundo o establecido nas presentes bases.

A proba de galego consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán. Os aspirantes disporán dun máximo de quince minutos para realizar esta proba. Esta proba é obrigatoria e eliminatória e calificarase como apto ou non apto. Quedarán excluídas do proceso selectivo os aspirantes que obteñan a calificación de non apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o Celga, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes que figure nas Bases Específicas de cada unha das prazas/empregos que se convoquen.

O Tribunal determinará a data, lugar e hora da realización destas probas, que deberá publicarse no taboleiro de anuncios, páxina web municipal e taboleiro de anuncios dixital. Entre a data de realización da proba e a súa celebración non poderá mediar menos de 48 horas.

NOVENA. SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

1. O sistema de selección será de CONCURSO.

FASE DE CONCURSO: valorarase ata un máximo de 10 puntos.

A tal efecto o Tribunal reunirase para examinar e valorar a documentación presentada polos aspirantes e cualificar os méritos alegados, de acordo co baremo contido nas bases específicas, na Casa do Concello.

A cualificación dos méritos realizarase de acordo co baremo seguinte:

A) EXPERIENCIA:

– Por haber prestado servicios como Socorrista durante os últimos 5 anos: 0,10 puntos por cada mes con un máximo de 3 puntos.

B) FORMACIÓN ACADÉMICA COMPLEMENTARIA

Por posuír titulacións académicas - sen contar a titulación esixida para o emprego - de igual ou superior entidade á requirida relacionadas coas funcións propias do emprego a desenvolver:

Ciclo Medio de FP ou equivalente (FP I): 0,75 puntos cada unha.

Ciclo Superior de FP ou equivalente (FP II): 1 punto cada unha.

Diplomado Universitario: 1,25 punto cada unha.

Licenciado Universitario: 1,50 puntos cada unha.

Título de grao: 1,50 puntos cada unha.

A xustificación deste, farase coa presentación de fotocopia e orixinal do título correspondente, fotocopia compulsada, ou co certificado acreditativo da súa obtención.

C) OUTRA FORMACIÓN

Cursos ou outra formación.- Por cada curso, directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais así como os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia :

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

Neste subapartado presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido polo órgano ou entidade que impartiu o curso ou actividade. No mesmo deberá constar o número de horas.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego, non serán puntuados.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de formación será de 4 puntos.

DÉCIMA. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso (valoración de méritos), establecendo a orde de clasificación dos aspirantes no proceso selectivo, que determinará a contratación, quedando o resto como reservas.

A dita puntuación publicarse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Viveiro, cos resultados obtidos por cada aspirante no proceso selectivo.

En caso de empate, o desempate resolverase pola seguinte orde:

1. Quen teña máis puntuación no apartado de experiencia profesional.
2. Quen teña máis puntuación no apartado: formación académica complementaria, segundo a seguinte orde: Título de grao ou Licenciado/a universitario, Diplomado Universitario, Ciclo Superior de FP, FP II ou ciclo medio de FP, FP I ou equivalente.
3. Quen teña máis puntuación no apartado: outra formación.
4. Por sorteo público.

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para o seu nomeamento do candidato/a que máis puntuación obtivese, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, formarán unha LISTA DE AGARDA, e poderán ser contratados no caso de que o/a seleccionado/a non asine o contrato no prazo que se lle sinala ou renuncie ao emprego, e para a cobertura de baixas (IT) e outras circunstancias similares xurdidas durante o período de contratación.

DÉCIMA PRIMEIRA. APORTACIÓN DE DOCUMENTOS

Os/as candidatos/as que resulten seleccionados deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, nos dous días hábiles seguintes ao da publicación da lista definitiva de aspirantes seleccionados, no caso de non habelos aportado con anterioridade, os seguintes documentos:

a) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditaráa mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

b) Fotocopia compulsada da titulación esixida para exercer como socorrista, así como da inscrición no Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo, Información e Primeiros Auxilios de Galicia.

c) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

d) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Certificado ou declaración baixo xuramento de non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.

f) Certificado de conta bancaria.

g) Copia da tarxeta de Seguridade Social.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, e entenderase decaído o dereito de dita persoa a ocupar o seu posto. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte aspirante da listaxe de reservas.

DÉCIMA SEGUNDA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior A Presidenta da Corporación, ditará resolución e formalizarase o contrato laboral temporal a favor das persoas propostas polo Tribunal, no prazo máximo de tres (3) días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

DÉCIMO TERCEIRA. RECURSOS

As presentes bases e a convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesado/a, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldesa que as aprobou, no prazo de 1 mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común e das Administracións Públicas, ou ben interpor, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, en ambos casos contados dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Lugo (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa). Se se optase por interpor recurso de reposición potestativo, non se poderá interpor un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Viveiro, 18 de xuño de 2025.- A ALCALDESA, María Carmen Gueimunde González.

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO, CON CARÁCTER TEMPORAL, PARA PRESTAR SERVICIOS NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VIVEIRO .

DATOS DA CONVOCATORIA	
PROCESO SELECTIVO	SOCORRISTAS 2025
DENOMINACIÓN PRAZA	SOCORRISTA
RÉXIME XURÍDICO	CONCURSO
DATOS PERSOA ASPIRANTE	
NOME	
PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO	
DNI	
DATOS CONTACTO E NOTIFICACIÓN	
NOME DE VÍA	
NÚMERO	
PISO	
PORTA	
CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	
PAÍS	
TELÉFONO FIXO/MÓBIL	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
MEDIO DE NOTIFICACIÓN ELEXIDO (ELECTRÓNICO OU EN PAPEL)	
1. REQUISITOS XERAIS	Marcar cunha X
a) Nacionalidade: a1) Ser español/a ou nacional dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos dos artigos 56 e 57 do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. a2) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.	
b) Capacidade funcional: Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas, isto é, non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das tarefas do emprego a que se aspira. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.	

c) Idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.		
d) Habilitación: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.		
e) GALEGO: Acreditación do coñecemento da lingua galega: CELGA 3 Será requisito necesario contar coa acreditación de poseer o nivel do coñecemento da lingua galega según as bases específicas da praza/emprego que se convoca ou acreditación equivalente. Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente. No suposto de non contar coa mesma, os aspirantes deberán superar un examen de galego. Esta proba é obrigatoria para estes aspirantes. A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para galego ou en galego para o castelán. Esta proba é obrigatoria e eliminatória e calificarase con apto ou non apto.		
f) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delincuentes sexuais: Estar en posesión do Certificado que acredite NON CONSTAR na Base de Datos do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais do Ministerio de Xustiza. Este documento pode ser obtido polo solicitante mediante a utilización do certificado electrónico ou DNI e na seguinte dirección: https://sede.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Sede/es/tramites/certificado-registro-central .		
2. REQUISITOS ESPECÍFICOS		Marcar cunha X
1.- Ser <i>desempregado/a inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego</i>, estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal.		
2.- Estar inscrito/a na sección correspondente do Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo, Información e Primeiros Auxilios de Galicia, este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato temporal.		
OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS, NO SEU CASO, NAS BASES ESPECÍFICAS		
NIVEL DE GALEGO ESIXIDO NAS BASES ESPECÍFICAS		
ADAPTACIÓN DE PROBAS DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33%		
GRAO DE DISCAPACIDADE QUE TEN CERTIFICADA		
ADAPTACIÓN/S QUE SOLICITA		

DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN Á SOLICITUDE:	
	Marcar cunha X
A.) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada.	
B.) Acreditación de estar inscritos/as no Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo, Información e Primeiros Auxilios de Galicia.	
C.) Acreditación de estar desempregados/as inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia.	
D.) Declaración responsable de non estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, e de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realizar as funcións inherentes ao posto de traballo, segundo modelo Anexo II ás presentes bases.	
E.) Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración.	
F.) Acreditación da experiencia profesional: Certificación da Administración ou empresa onde se tivera prestado servizo, especificando a categoría laboral e duración do contrato ou copia do contrato de traballo. En ámbolos dous casos, acompañarase informe de la vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, non valorándose de non presentarse os ditos documentos antes de que finalice o prazo de presentación de instancias.	
G.) Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación de poseer o nivel de galego esixido (CELGA 3) nas bases específicas de cada unha das prazas/empregos que se convoquen ou acreditación equivalente. Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente.	
Outros requisitos que se esixan, no seu caso, nas bases específicas.	
Persoas con diversidade funcional.	
No suposto de pedir adaptación de probas presentarase, ademais do sinalado no punto anterior, certificado do equipo de valoración de discapacidade no que se especifiquen as medidas de adaptación necesarias.	

RELACIÓN DE MÉRITOS. Deberán relacionarse os méritos que se queiran facer constar para o concurso.

As acreditacións documentais dos méritos terán que incorporarse á presente solicitude (os non incorporados antes do remate do prazo de presentación de instancias non serán tidos en conta. Os méritos non acreditados como se establece nas bases tampouco non serán tidos en conta polo Tribunal, sen prexuízo da posibilidade de subsanación). BASE NOVENA- FASE DE CONCURSO

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (Servizos prestados como socorrista os últimos 5 anos).		
DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO/EMPREGO	ENTIDADE OU EMPRESA	PERÍODO SERVIZOS

B) POR FORMACIÓN ACADÉMICA COMPLEMENTARIA		
TITULACIÓN (distinta á esixida para o emprego e de igual ou superior requirida coas funcións propias do emprego a desenvolver)	ENTIDADE QUE A IMPARTIU	DATA DE EXPEDICIÓN

C) OUTRA FORMACIÓN sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, Organizacións Sindicais así como cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia. (Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego, non serán puntuados).			
DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ENTIDADE QUE A IMPARTIU	DATA REMATE	HORAS

SOLICITO que se admita a presente instancia para poder participar no procedemento selectivo e **DECLARO** que os datos consignados nesta solicitude son certos e que estou en condición de acreditálos e que reúno todos os requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria para ser admitido/a.

☐ DECLARO de forma responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que aspira e de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto.

☐ DECLARO de forma responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos Constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no seu caso o persoal laboral, no que houbera estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

☐ DECLARO de forma responsable que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas. Así mesmo declaro que, no seu caso, no suposto de estar desempeñando unha actividade pública ou privada, que me comprometo a solicitar o recoñecemento de compatibilidade no momento inmediato ao nomeamento, e de non resultar compatible, actuar conforme ao establecido na normativa vixente. En consecuencia declaro cumprir, no momento do nomeamento e toma de posesión os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Así mesmo declaro cumprir con todos os requisitos establecidos nas bases xerais e específicas.

☐ **AUTORIZO** expresamente ao Concello de Viveiro que inclúa os meus datos nun ficheiro automático para fin exclusivo do proceso selectivo no que solicito participar.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	CONCELLO DE VIVEIRO
Finalidade do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.
Persoas destinatarias dos datos	As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas podan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da presentación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica do Concello de Viveiro ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para elo, o CONCELLO DE VIVEIRO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: CONCELLO@VIVEIRO.ES.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	h) Teléfono: 982560128- Fax: 982561128 i) Correo Electrónico: concello@viveiro.es j) Dirección: Praza Maior 1-27850 Viveiro-Lugo.
Actualización normativa	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

....., a, de de

Sinatura da persoa solicitante.

Á ATENCIÓN DA ALCALDESA DO CONCELLO DE VIVEIRO

R. 1763

XOVE**Anuncio**

Por Decreto de Alcaldía nº 2025-1077 de data 04 de xuño de 2025, aprobouse inicialmente o Padrón da Taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase, correspondente ao exercicio 2025.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 1 de xullo de 2025 ata 31 de agosto de 2025; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 5 de xuño de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1744

Anuncio**ACORDO APROBACIÓN INICIAL DESAFECTACIÓN DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL**

Aprobada inicialmente por acordo do Pleno Municipal da Entidade Local de data 16 de xuño de 2025, a desafectación dos bens inmobles de titularidade municipal de carácter demanial cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial e que a continuación se relacionan:

- Vivendas 2ºD; 3ºD; 3ºI e 4ºI sitas no inmovle con dirección na rúa Agramonte nº 17.
- Vivendas 2ºD; 4ºD e 4ºI sitas no inmovle con dirección na rúa Agramonte nº 19.

De conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio en leste Boletín Oficial da Provincia Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello de Xove.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Xove, 17 de xuño de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1745

*Anuncio***Acordo do Pleno de data 16 de xuño de 2025 do Concello de Xove, pola que se aproba inicialmente expediente de modificación do Regulamento do servizo público municipal Xove Concilia**

Aprobado inicialmente o expediente de modificación do Regulamento do servizo público municipal Xove Concilia, por acordo do Pleno de data 16 de xuño de 2025, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta (30) días, a contar desde o día seguinte da súa publicación mediante anuncio en o Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Corporación, para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Advertir que mo caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de modificación da mencionada Ordenanza sen necesidade de acordo expreso.

Xove, 17 de xuño de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1746